



Banc@rios

Marzo 2002

Confederación Intersindical Galega ♦ SECCIÓN SINDICAL BBVA

HOMOLOGACIÓN DE PRÉSTAMOS E TARIFAS

SUMARIO

CIG-BBVA ven de participar, en Madrid o pasado 15 de marzo, na xuntanza que acordou, finalmente, a homologación das condicións sobre Préstamos e Tarifas Bancarias para todo conxunto de traballadores e traballadoras do banco.

Axenda laboral BBVA	2
Peche de oficinas	
Avaliacións	
Prexubilacións	3
Atraco	
Limpeza das oficinas	
Eurofrustración	4

Este Acordo laboral de empresa, chega transcorridos xa 27 meses desde que fose comprometido no marco do Pacto de Fusión, poñendo en evidencia a moi escasa vontade, por parte da Dirección do BBVA, de homoxeneización das diferentes condicións dos diversos colectivos bancarios que confluímos no novo banco resultante da unificación de BBV e Argentaria. Aínda queda pendente o acordo sobre Beneficios Sociais.



-¿Quién se beneficia co Acordo?
- Amigo, a Banca sempre gaña.

Banc@rios:
mira na Internet

www.galizacig.com

pinchar "Publicacións"
Para ver este número e os anteriores (PDF).
Comunícate con nós por correo electrónico:

cigbanacanac1@terra.es

MALDITO CONVENIO

O IPC é un 49 % máis grande co incremento salarial dos bancarios

CIG.BBVA, é o sindicato máis representativo da banca privada en Galicia e terceiro na Mesa de negociación do Convenio Colectivo sectorial, no ámbito da totalidade do Estado considerando os cinco sindicatos con dereito á negociación. Recordemos, o Convenio só foi subscrito por CC.OO. e UGT, os tres restantes non asignaron, precisamente por resultar obvio o que de forma gravemente lesiva para todos os traballadores bancarios resulta novamente evidente: Pérdemos en poder adquisitivo, os nosos salarios non van ó mesmo ritmo que a suba do IPC. A diferenza é moi es-


Convenio / I.P.C. Decembro 1998- 2001	
Incremento acumulado Convenio	6,64 %
Aumento acumulado I.P.C.	9,86 %
Pérdida neta de poder adquisitivo	3,22 %

candalosa. ¿Porqué, os responsables desta situación laboral, manteñen tanta pasividade a vista da evolución dos índices?. Na AEB están moi satisfeitos co comportamento salarial. Nós, non.

Axenda laboral BBVA

- Peche de oficinas
- Prexubilacións
- Avaliacións

CIG.BBVA, coma Sindicato máis representativo da empresa no ámbito de Galicia, mantivo unha longa conversa con responsables de Recursos Humanos da D.Territorial, para coñecer cómo van afectarnos os programas laborais do ano actual.



No encontro, un intercambio de criterios e información entre as partes que durou preto a catro horas, desenvolvido coma noutras ocasión entre unha delegación representativa de CIG.BBVA e máis os directores de RR.HH.e Relacións Laborais da Territorial de Galicia-Asturias, abordáronse temas laborais referidos as Prexubilacións, Peche de oficinas, Diferencias en caixa causadas pola implantación do Euro, Problemática das oficinas unipersoais, o novo sistema de valixas e a forma de trasladar a información sindical a todo o cadro de persoal, as Avaliacións, a limpeza das oficinas en horario laboral coincidente coa presenza de clientes nos centros de traballo do banco, criterios enfrontados sobre o Cadro de Vacacións, así como outros asuntos que afectan a totalidade de compañeiros e compañeiras do conxunto das oficinas galegas do BBVA.

Reflectimos nestas páxinas o máis relevante da información que nos foi facilitada nos temas que preocupan a totalidade do cadro de persoal de traballadores e traballadoras afectados polas políticas que desenvolve a empresa.

Contamos a información que podemos conseguir.

Peche de oficinas

CIG.BBVA, dada a preocupación lóxica que produce a execución do programa de peche ou unificación de oficinas, pola incerteza e trastorno que ocasiona ós compañeiros e compañeiras afectados, conseguiu información ó respecto dos obxectivos fixados para Galicia, que deben ser executados antes do 30 de xuño. Neste asunto, con datos provisorios, sabemos que afectará a unhas 27 sucursais da rede, na Territorial, con especial incidencia en Vigo. Está previsto abrir 8 novas, baixo o criterio de preferencia polas poboacións que superen os dez mil habitantes, áreas de expansión das cidades e promocións inmobiliarias financiadas por BBVA.

Avaliacións

Novamente, o cadro de persoal BBVA, é sometido ó periódico cerimonial da Avaliación do desempeño. Un compañeiro ou compañeira, responsable seu, vai subxectivamente asignarlle unha determinada puntuación que, posteriormente, será referendada ou non por outra persoa, de máis rango que o avaliador e da que dependerá, xa non só o criterio de boa conducta profesional que está en xogo, senón tamén e moi fundamentalmente que se poida recibir algún determinado incentivo económico que só se dá a partir de unha determinada puntuación. O sistema é arbitrario e manifestamente inxusto, un elemento de discordia e máis enfrontamento entre persoas das mesmas equipas de traballo. Recordemos: **temos dereito a coñecer a avaliación realizada e recibir unha copia da mesma, asinada por nós ou non.**

Na Territorial comprometeron o tratamento diferenciado das avaliacións sen firmar ou con nota discrepante. Infórmanos si é o teu caso.

PREXUBILACIÓN:

Moitos son os candidatos, poucos os escollidos

CIG.BBVA, recolleu a información comunicada pola empresa na xuntanza da Comisión de Seguimento do Pacto Laboral de Fusión, celebrada o 31 de xaneiro, referida ó programa de prexubilacións para o actual ano. Así, de se cumprir tal como nola contaron, na totalidade do Estado prexubilarían a 900 compañeiros e compañeiras, afectando de forma moi diferente en cada Territorial. ¿Cómo vai afectar no ámbito galego do BBVA?

É probable que afecte aproximadamente a 40 traballadores, escollidos á conveniencia da empresa, aumentando esta cota no caso de que no resto de España o número de prexubilados fose menor do previsto. Os xestores de persoal iniciaron nos primeiros días de marzo as visitas coas propostas concretas e co obxectivo de ter concluído o proceso antes do 30 de xuño, nun principio para ter establecido o cadro de persoal de cada oficina que pode verse afectada. As condicións económicas reflíctense no cadro adxunto, invariables ata a xubilación. Para as achegas ó Plano de Pensións estarase ó pactado para cada colectivo. Seguirán a darse as cantidades estímulo a partires de 3.000 €. Mantense o convenio especial da Seguridade Social, actualizado cos aumentos previstos. As cantidades calcula-

Idade, anos	Ata 27.000 €	Por riba /resto
53	88 %	80 % En tódolos casos
54	90 %	
55	92 %	
56	94 %	
57	96 %	
58	98 %	
59-65	100 %	

ranse descontando a Seguridade Social do bruto anual e logo aprícanse as porcentaxes ofrecidas. Os pagos, coma ata agora, faranse de forma semestral. As idades valoranse por anos naturais, e dicir que se considera o aniversario como si fose o 1º de xaneiro.

CIG.BBVA está ó servizo de todos os compañeiros e compañeiras que precisen asesoramento nesta materia.




Atraco

O atraco da que foi vítima unha oficina luguesa recentemente, que consideramos paradigma da falla de seguridade, efectuado por unha banda de “descuideiros” pon en evidencia o xeito como a empresa trata as responsabilidades individualmente, sumando un risco engadido a nosa actividade laboral, xa de por si asfixiante. Resulta manifestamente inxusto que en determinadas funcións, sobre todo dos administrativos, se teña que afrontar unha situación de “información previa” que provoca a lóxica desconfianza na determinación de posibles sancións, máis cando o propio banco tamén pode –cama neste caso- ser sancionado pola autoridade gubernativa. O proceso de implantación do Euro debe contemplar a excepcionalidade na aplicación das medidas normais de seguridade e disciplinarias. Caso contrario a actividade bancaria sufriría colapso, por máis que se comuniquen determinadas alertas á rede de oficinas, o ritmo de traballo non permite unha concentración maior.

Limpeza das oficinas en horario de traballo

Aparentemente, estamos de acordo CIG.BBVA e máis os responsables laborais da Territorial: A limpeza das oficinas durante a xornada de traballo, moitas veces coa presenza de clientes, crea unha situación incómoda que contribúe, aínda máis, a dificultar a nosa labor. En Banca Comercial tamén hai sensibilidade por esta situación. Sen embargo razóns de “seguridade”, aquí mandan.

Eurofrustración



CaixaNova, con 1.500 €, CaixaGalicia, 700 €, Banco Pastor, 600 € e Banco Gallego, 500 Euros de retribución económica polo especial esforzo que soportou o cadro de persoal na implantación do Euro. En tódolos casos, tamén días de libranza engadidos e máis reforzo coa contratación extraordinaria de traballadores para afrontar a crítica situación vivida. A CIG, referente sindical maioritario nas entidades citadas, malia a insuficiencia económica acadada, avalía positivamente a conquista lograda.

O sindicalismo estatalista equivoco a estratexia, namentres a CIG apostou por unha negociación coordinada a nivel de empresa, presentando a súa petición reivindicativa xa denantes do inicio da campaña de implantación da nova moeda, con cinco obxectivos básicos: retribucións económicas, compensación en tempo libre, reforzo temporal das oficinas, medidas de seguridade, e garantía de non sancionar erros involuntarios. No ámbito empresarial do BBVA, ¿Qué compensación se acordou polo especial esforzo Euro, que mesmo chegou a provocar prolongacións da xornada de ata 14 horas?. A resposta é dolorosamente frustrante: só dous días de libranza, á criterio dos responsables das oficinas. Aquí, no caso que nos afecta, e dicir en BBVA, o proceso reivindicativo supuxo nun primeiro momento a participación unitaria da totalidade dos sindicatos con representación na empresa, entre eles CIG.BBVA, coa presentación dunha carta á Dirección da empresa con idénticas peticións as finalmente logradas nas máis importantes entidades financeiras galegas. Esta unidade de actuación sindical, continuou logo con manifestación diversas e outros procedemento lexítimos de presión, que resultaron infructuosos pola cerrazón do banco, probablemente premido polo conxunto das grandes entidades da AEB. Ata aquí, a situación é atribuíble soamente á empresa. Sen embargo, con actitude e comportamento claramente sectario, un grupo do conxunto dos sindicatos (CC.OO., C. Cuadros, UGT e CGT), absurdamente ó marxe da unidade sindical fortalecida neste tempo, mantiveron un encontro co Director de Recursos Humanos, previo a Xunta de Accionistas que ía constituir un novo acto de lícita presión en pos do obxectivo de lograr unha retribución de 1.000 € para todos. ¿Qué se acordou nesta xuntanza?. Agardamos aclaración. Aquí, entre os traballadores e traballadoras do BBVA, evidenciase a frustración.

Banc@rios




Confederación Intersindical Galega

BBVA


Sección Sindical

Rúa Gregorio Espino, 47-entr.
36205-VIGO.

 986 374 008

sinCIGalízate

SÚMATE
CON FORZA PROPIA



Para tempos difíciles